



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E A ASOCIACIÓN DOWN OURENSE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO PARA O ACONDICIONAMENTO DO INMOBLE NO QUE DESENVOLVE A ACTIVIDADE

Ourense, a 30 de decembro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Gonzalo Pérez Jácome**, con DNI **34960446-D**, alcalde-presidente do Concello de Ourense, na representación que ostenta en virtude do seu cargo.

Doutra parte, **Dona María Sonia González Sánchez**, con DNI **44450420-E**, en calidade de presidenta da Asociación Down Ourense, con CIF **G32311870** e enderezo establecido en Ourense na rúa Río Camba, nº6, baixo, representación debidamente acreditada.

A **oficiala maior** do Concello de Ourense, **Dona Silvia Alonso Fernández**, quen fai constar, dado que non existen unidade de acto ao se realizar a sinatura do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública prevista no artigo 3.2.i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación co disposto no apartado d) da Disposición Adicional Oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, limítase a comprobar a identidade dos intervinientes a través da documentación que forma parte do expediente, así como a verificar a validez das sinaturas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar este **convenio de colaboración** e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a finalidade deste convenio é canalizar en favor da entidade beneficiaria “Asociación Down Ourense”, a subvención que figura no orzamento municipal vixente do ano 2025, segundo o crédito consignado na partida 260.2318.78056 co seguinte literal: «Convenio Asociación Down Ourense», sendo o importe da dotación de 50.000,00 euros; así como establecer as condicións e compromisos que asume a entidade beneficiaria.

O Concello de Ourense, na súa labor de fomentar cantas accións sexan precisas para favorecer os intereses da veciñanza, ten como fins propios os establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; así mesmo dispón o artigo 60.1.c) da Lei de Servizos sociais de Galicia que corresponde aos Concellos...”a *colaboración no fomento dos servizos sociais*

prestados por entidades de iniciativa social así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas polas mesmas...(...)"

SEGUNDO.- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón no seu artigo 19.4.a) que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 26.1 establécese que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións, o que resulta de aplicación para entidades locais segundo o disposto no artigo 1 do citado texto legal.

Igualmente neste sentido se expresa o 22.2.a) de carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións que dispón que “se entende por subvención prevista nominativamente los orzamentos xerais do Estado aquela que cando menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados no estado de gastos do orzamento; o obxectivo destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en calquera caso, será congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

De acordo co artigo 2 da Ordenanza municipal de subvencións se cumpren os requisitos para considerar o presente convenio dentro do seu ámbito de aplicación por canto disposición dineraria sen contraprestación directa, a entrega queda suxeita á execución dun proxecto xa realizado ou por realizar e o proxecto ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social.

TERCEIRO.- Que na Xunta de Goberno Local reunida en sesión ordinaria do 30 de decembro de 2025, se aprobou o desenvolvemento do fin deste convenio e facúltase o alcalde-presidente para a súa sinatura.

CUARTO.- Que ambas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións estableceren fórmulas de colaboración no ámbito social, a través deste convenio.

En virtude do exposto e recoñecendo ambas as partes capacidade suficiente na representación que ostentan, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos aplicables de acordo co establecido na normativa vixente, particularmente no artigo 65 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e que desenvolve o artigo básico 22.2.a) da Lei.

O obxecto deste convenio é a regulación dunha subvención, prevista nominativamente no Orzamento municipal do Concello de Ourense a favor da entidade Down Ourense para o financiamento dos gastos de acondicionamento do espazo, titularidade de Down Ourense, sito na rúa Río Camba, nº 6, en Ourense, para o desenvolvemento da súa actividade que consiste en dar resposta a demanda de cada vez maior número de usuarios e poder desenvolver os programas que fomenten o desenvolvemento persoal, educativo, social e laboral das persoas con síndrome de Down, en calquera idade, isto de conformidade co documento de **Retención de crédito núm. 202500056121**, de 28 de novembro de 2025.

Down Ourense é unha asociación de pais e nais que naceu da necesidade de fundar unha entidade que tome como filosofía o apoio aos servizos que potencien a autonomía e independencia das persoas con Síndrome de Down.

Down desenvolve o seu labor prestando o Servizo de promoción da autonomía persoal organizado en seis áreas de atención: área de atención temperá, de educación, de formación e emprego, de vida adulta e independente, área complementaria de programas de apoio aplicables a calquera etapa vital e área transversal.

Ao longo dos anos de traballo o número de persoas atendidas na asociación tense multiplicado de maneira reiterada e de forma rechamante: o camiño iniciouse cun grupo de familias; no 2013 superouse a barreira das 40 persoas atendidas e no 2023 esta cifra multiplicouse; na actualidade 97 persoas reciben diariamente atención na entidade e ao redor de 276 persoas son beneficiarias indirectas desta labor.

Co obxectivo de responder de maneira provisional a esta demanda, desde hai catro anos un total de 15 usuarios participaron en sesións de formación laboral no Espazo Xove de Ourense, utilizando dúas aulas cedidas para este fin. Esta solución, aínda que útil, non garante estabilidade nin calidade para a prestación dos servizos.

Ante a dita situación, converteuse nunha prioridade estratéxica a adquisición dun novo espazo que permita atender tanto as necesidades actuais como o crecemento previsto a medio prazo. Logo de realizar unha análise de situación e o estudo do emprazamento adquiriuse un inmovble axustado ás necesidades da entidade ubicado na rúa Río Camba nº 6, en Ourense. O espazo conta cunhas dimensión de 800 m² distribuídos en 23 estancias destinadas a diferentes usos, ademais dunha terraza de 145 m². Este espazo permite ampliar e mellorar a oferta de servizos, garantir o benestar das persoas usuarias e desenvolver programas nun entorno apropiado pensado para a inclusión, a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal. Non obstante, a adquisición e adecuación do inmovble supón un investimento non asumible con recursos propios da entidade.

Consta no expediente a Relación de ingresos e gastos totais do proxecto, que ascende a 1.045.554,31€ executado nas anualidades comprendidas entre o 2022 e o 2025, que abrangue desde a compra do inmovble ata o seu acondicionamento; sen perxuízo do anterior, o obxecto do presente



convenio é o financiamento das actuacións que corresponden á anualidade 2025 de acordo coa desagregación a que se refire a cláusula segunda deste convenio.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

O proxecto ten por obxecto a adecuación dun inmovble propiedade de Down Ourense ubicado na rúa Río Camba da cidade para dar cabida a un cada vez maior número de persoas. Actualmente aténdense diariamente a 97 persoas con Síndrome de Down e discapacidade intelectual.

As necesidades que se pretende cubrir con estas novas instalacións céntrase sobre todo nas persoas que finalizan a súa etapa escolar e demandan uns recursos que favoreza a súa inclusión laboral.

As actuacións que se pretenden cubrir ca firma do presente convenio son:

- honorarios de arquitecto e aparellador.
- obra (revestimiento e solados, carpintería exterior e interior, instalacións, pinturas, seguridade e saúde, xestión de residuos, acometida de auga, climatización e ventilación, fontanería e material específico, material de construción e material de fontanería, electricidade e material específico)
- equipamento (mobiliario, cociña, armarios empotrados, material electrónico, vinilos ocultación de xanelas e alarmas)

ORZAMENTO DE INGRESOS

INGRESOS	2025
FONDOS PROPIOS	197.012,41 €
OUTRAS AXUDAS:	86.746,72 €
Xunta de Galicia Subvención IRPF	
Deputación Provincial de Ourense	50.000,00 €
Concello de Ourense	50.000,00 €
ORZAMENTO TOTAL	383.759,13 €



TERCEIRA.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

HONORARIOS PROFESIONAIS	ARQUITECTO	Pablo Falcón Novoa	5.406,00 €
	APARELLADOR	J. Manuel Rey Lorenzo	5.830,00 €
TOTAL			11.236,00 €
OBRA	Revestimentos E solados Carpintería exterior e interior Instalacións Pinturas Seguridade e saúde, xestión de residuos	TEFAR, S.L.	190.112,86 €
	Climatización e ventilación	SERVIVUM SISTEMAS SLU	12.099,99 €
	Fontanería e material específico	JORGE OUTEIRIÑO BORRAJO	4.331,80 €
	Electricidade e material específico	JAVIER FERNANDEZ FERNANDEZ	50.653,24 €
	TOTAL		257.197,89 €
EQUIPAMENTO	Cociña	COCITEC	12.724,00 €
	Mobiliario	MONSERRAT FERNANDEZ DOMÍNGUEZ	22.741,35 €
	Ascensor	OTIS MOBILITY S.A.	27.467,00 €
	Armarios empotrados	ARMAN ARMARIOS	23.338,48 €
	Material electrónico	OURENMATEL	22.459,39 €



	Vinilos ocultación xanelas	PUBLIEX	880,88 €
	Alarma	DI-SEYS	5.714,14 €
TOTAL			115.325,24 €
TOTAL PERÍODO OBXECTO DESTE CONVENIO			383.759,13 €

CUARTA.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A contía da subvención non poderá exceder do 75% do custo total da actividade desenvolvida para a que se estima un orzamento de 383.759,13€, cunha achega máxima, en todo caso, de 50.000 euros, producíndose a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación dentro do prazo de dous meses desde o final da vixencia do convenio.

2.- O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 260.2318.78056.

3.- A subvención canalizada a través do presente convenio de colaboración é compatible coa percepción de outras axudas e subvencións para a mesma finalidade, sempre que no seu conxunto non excedan do 100% do proxecto subvencionado.

4.- Para o caso en que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o gasto efectivamente executado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

5.- No caso de que non se xustifique o total orzamentado procederase a reducir proporcionalmente a subvención outorgada.

QUINTA.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- A entidade executará os traballos de acondicionamento segundo a previsión e orzamento.

2.- O outorgamento dos contratos de servizos ou subministración necesarios para a execución do acondicionamento serán por conta da entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEXTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria está suxeita ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 4 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

En particular, queda obrigada a:

- Asumir toda a responsabilidade que puidera derivarse da execución dos traballos de tal xeito que o Concello de Ourense quedaría exonerado de calquera responsabilidade.
- Asumir as cargas e obrigas legais que no seu caso se deriven a realización dos traballos, quedando o Concello exento de responsabilidade fronte a calquera outra Administración pública ou organismos públicos ou privados.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL

1.- A entidade estará obrigada a dar a axeitada publicidade de que o proxecto consistente no acondicionamento do local no que desenvolve as actividades Down Ourense e obxecto da presente subvención nominativa é financiado polo Concello de Ourense de acordo co manual de estilo publicado na web <https://ourense.gal/es/identidadcorporativa/>.

2.- Establecerase de forma clara nas instalacións da entidade así como nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico e sonoro que publiquen con motivo da actividade subvencionada, o patrocinio de Ourense e, no caso de material gráfico, o anagrama do Concello de Ourense.

3.- Coa conta xustificativa presentaranse os documentos que permitan dar cumprimento a esta obriga; desta maneira, entregarase unha copia do material de difusión no que apareza o Concello de Ourense, achegarase un exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, soportes dixitais editados, de ser o caso, co motivo da actividade subvencionada.

4.- En calquera caso é imprescindible:

- A entrega da reportaxe fotográfica publicitaria do programa, na que se poida comprobar, non só o contido da cartelería, senón tamén a súa posta a disposición no lugar de desenvolvemento da actividade.
- Se as entidades teñen un portal web ou figuran adheridas a unha rede social, acreditarase neles o patrocinio municipal e describirase o programa xunto co anagrama municipal.

Cando o programa, actividade, investimento ou actuación contase con outras fontes de financiamento e a entidade se vise obrigada a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención concedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.

OITAVA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Se consideran gasto subvencionable aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, e correspondan a gastos devindicados no ano 2025.

Tratándose da execución dunha obra e dado que o importe subvencionable supera a contía de 40.000€, a entidade beneficiaria aportará como mínimo tres ofertas de diferentes empresas, con carácter previo á contratación das mesmas. A elección das ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, xustificándose expresamente na memoria a elección cando ésta non recaiga na proposta económica máis ventaxosa, de acordo co preceptuado no artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Ao tratarse de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables:

- a) O beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto polo que se concedeu a subvención, durante un período que non poderá ser inferior a 5 anos, no caso de tratarse de bens inscribibles nun rexistro público.
- b) O incumprimento da obriga de destino, que se producirá coa enaxenación ou gravamen do ben, será causa de reintegro.

De acordo co disposto no artigo 31.7 e 8 da LGS, en ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores de contas bancarias
- Os intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os custos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os impostos persoais sobre a renda.

NOVENA.- A XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación da subvención realizarase coa modalidade de “conta xustificativa do gasto realizado”, que será presentada pola entidade beneficiaria, coa seguinte documentación:

- Instancia subscrita polo presidente da entidade dirixida ao alcalde-presidente en que se solicite o pago da subvención concedida.

- Memoria de actuación xustificativa asinada pola representante legal da entidade do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, temporización e resultados obtidos.
- Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos de cada un dos gastos e inversións realizados con motivo da actividade descrita, con expresión da data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento, e importe aplicado ao proxecto entendido este como o custo total da actividade obxecto do convenio. A relación estará asinada polo secretario da entidade e co visto e prace do presidente.
- Presentación de facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado, ordenados correlativamente segundo o número de orde asinada na relación numerada á que se refire o parágrafo anterior.

Os documentos xustificativos presentaranse de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015; con todo, mediante un informe motivado do servizo xestor poderase solicitar o cotexo dos documentos entregados para o que se poderán requirir os documentos orixinais.

Segundo o citado artigo, os gastos realizados acreditaranse mediante facturas con todos os elementos sinalados pola normativa aplicable en cada caso. Como mínimo expresarán o nome ou razón social da empresa que facture e o seu NIF, data de emisión, importe, detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicable e importe total. Para o caso de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá acreditarse o ingreso da retención. En ningún caso se admitirán billetes de caixa ou simples recibos, salvo que estes veñan acompañados doutra documentación acreditativa do gasto e do pago.

Para considerar debidamente acreditados os custos salariais correspondentes aos gastos de persoal, deberán entregarse copias dos contratos de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo seu perceptor e pagas ou obrigas de pagamento bancario, así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social. Deberá xustificarse a retención e ingreso na Axencia Estatal da Administración Tributaria, das cantidades correspondentes ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, así como a acreditación de que foi realizada a pertinente retención fiscal e liquidado o seu importe na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Os orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións, debe solicitar o beneficiario.
- Documentos acreditativos dos pagos aos acredores, mediante documento bancario ou recibín do proveedor no propio documento de gasto. En todo caso, para os pagos de contía igual ou superior a 1.000 euros por acredor, deberá acreditarse mediante documento bancario.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvencións concedidas e outras achegas) con acreditación da súa contía, procedencia e aplicación.
- Acreditación de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula décima.

DÉCIMA.- PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A entidade beneficiaria queda obrigada a presentar a conta xustificativa da cláusula novena deste Convenio no prazo máximo de dous meses desde o fin da vixencia do convenio. Para o cómputo do prazo estarase ao disposto no artigo 30.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O aboamento da subvención materializarase mediante un ingreso na conta designada pola beneficiaria.

Só se procederá ao libramento da subvención concedida logo da xustificación por parte do beneficiario do gasto realizado nos termos e coas formalidades sinaladas na cláusula oitava deste Convenio e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente de cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

DÉCIMO PRIMEIRA.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1.- A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio e despois, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, co Concello de Ourense e coa Seguridade Social. A acreditación do cumprimento destas obrigas farase mediante unha certificación expedida pola administración competente.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Ourense será determinada de oficio por este.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

Para os efectos do artigo 21 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense o Servizo de Benestar Social será o servizo competente para a comprobación da aplicación da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE OURENSE E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención municipal para a realización dun control

financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, de ser o caso, segundo o previsto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO CUARTA.- REINTEGRO E PERDA DO DEREITO Á SUBVENCIÓN

1.- Procederá ao reintegro da subvención por concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 23 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

2.- Nos supostos nos que da conta xustificativa se deduza que a actividade obtivo subvencións por un importe superior ao 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

3.- O incumprimento das obrigas por parte da entidade beneficiaria poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

DÉCIMO QUINTA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ourense remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na páxina web do Concello de Ourense.

DÉCIMO SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción deste Convenio non implicará a relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio (Asociación Down Ourense) e o Concello de Ourense.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

- 1.- As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun aviso previo de quince días naturais.
- 2.- O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

DÉCIMO OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE, XURISDICIÓN COMPETENTE E INTERPRETACIÓN

- 1.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.
- 2.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional contencioso-administrativa segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.
- 3.- A interpretación das dúbidas ou lagoas que puidesen aparecer na aplicación deste convenio corresponderalle á Xunta de Goberno do Concello de Ourense logo dos informes preceptivos.

DÉCIMO NOVENA.- CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

- 1.- As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais, que aparecen neste así como o resto de especificacións nel contidas, poidan ser publicados na Base de Datos Nacional de Subvencións.
- 2.- Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

VIXÉSIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO



Este convenio de colaboración entenderá a súa vixencia desde a data da sinatura por parte de todas as partes ata o 31 de decembro do 2025.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, todas as partes se someterán ao acordado en todas as estipulacións e, como proba de conformidade, subscríbese por duplicado no lugar e data arriba indicados.

O alcalde-presidente

A presidenta de Down Ourense

A oficial maior

Gonzalo Pérez Jácome

M^a Sonia González Sánchez

Silvia Alonso Fernández